



El Liceo de Ourense

Ourense, 1 de febreiro de 2017

CURSIÑO DE FOTOGRAFÍA E VÍDEO DIXITAL E USO DAS IMAXES EN REDES SOCIAIS .

Estimado/a socio/a:

A Xunta Directiva de El Liceo de Ourense continúa con la idea de dinamizar a vida da Sociedade, e facerlle novas propostas de utilidade para os nosos asociados, neste caso propomoslles un **CURSIÑO DE FOTOGRAFÍA E VÍDEO DIXITAL E USO DAS IMAXES EN REDES SOCIAIS**.

Obxetivos:

- * Sacar máximo proveito a calqueira aparello de uso cotiá que permita a obtención de imaxes fixas e en movemento: "smarthphone", tabletas, cámaras compactas, híbridas e/ou réflex.
- * Aprender a "ver" para facer fotos e video, aprender a "pensar" no que se quere contar, e aprender a manexalos aparellos que teñan para a obtención das imaxes.
- * Posta en práctica continua das ideas, conceptos e elementos básicos de fotografía e video.
- * Se pode tentar desenvolver un proxecto común de imaxes en torno a unha temática escollida polos participantes.
- * De xeito tamén continuo: comentario de imaxes e/ou videos escollidos polos asistentes ó curso, información sobre publicacións e lugares de internet nos que atopar información e/ou estímulos para seguir neste camiño.

Contidos concretos:

- * Coñecementos teórico-prácticos sobre a fotografía en xeral e elementos importantes na sua historia. Orixe do cine e imaxe en movemento a partires dos avances en fotografía.
- * Protagonismo absoluto da luz, coñecemento das cámaras ou aparellos captadores de imaxes e o seu uso, accesorios, elementos que hai que ter en conta para "compoñer" unha imaxe.
- * Comentario de imaxes cotiás e/ou históricas para comprender a sua transcendencia.
- * Preparación práctica de fotografías e videos para comapartilas e/ou transmitilas a coñecidos ou descoñecidos, vía redes sociais ou xeitos de comunicación baseados en internet.
- * E sobre todo, moita práctica.

A proposta é desenvolver un curso de 30 horas, en sesións de hora e media como mínimo nos días que se acorde. Serían así 20 días de curso. O custo sería de 40 euros/persoa polo curso completo. Estaría impartido polos profesionais: Rosa Veiga Fotografía. José Antonio López Video. **Fecha Límite de Inscripción: Venres 24 de febreiro.**

A XUNTA DIRECTIVA